

Ficha de recuperación 1ª avaliación. Bloque II.

Bloque 2. As Revolucións Industriais e as súas consecuencias sociais. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e o novo concepto de cidade). O protagonismo de Gran Bretaña e a extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. A industrialización extraeuropea. A Economía industrial: pensamento e primeiras crises. O nacemento do proletariado e a organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento, os partidos políticos obreiros.

B2. C1.1. Identifica as causas da Primeira Revolución Industrial. CMCT, CAA, CSC

2. Explica as consecuencias dos seguintes procesos:

- A revolución agrícola.
- O incremento do comercio.
- A revolución dos transportes.
- A introdución das máquinas.

B2. C1.2. Explica razoadamente a evolución cara á II Revolución Industrial. CAA, CSC

B2. C2.1. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas Revolucións Industriais. CMCT, CD, CSC, SIEE, CEC

3. Completa un cadro sobre a primeira e a segunda revolución industrial e responde:

Primeira revolución industrial		Segunda revolución industrial
	País líder	
	Sectores destacados	
	Materia prima principal	
	Fontes de enerxía	
	Medios de transporte	
	Organización da produción	

- ¿Por que foi Gran Bretaña o país máis innovador a finais do século XVIII?
- ¿Por que perdeu este papel na segunda revolución industrial? ¿En favor de que países?
- ¿En que se pareceu e se diferenciou o proceso industrializador en Gran Bretaña e no resto do continente europeo? ¿E respecto a Estados Unidos e Xapón?
- ¿Que rexións de Europa sufriron o proceso de industrialización con maior atraso? ¿Por que?

Documento 20: A competencia alemana

Ó abrigo das tarifas, Alemaña e os Estados Unidos desenvolveron as súas fábricas e, obtendo os seus beneficios do que venden no interior, os alemáns botaron os excedentes, a prezos irrisorios, sobre os nosos mercados. Antes, todo o Oriente asiático e oceánico compraba os nosos cravos. Agora os cravos alemáns fánno-la competencia incluso na praza de Birmingham. Os botóns, que vendiamos a toda Europa, chégannos agora de Alemaña. Os alfinetes alemáns véndense nas tendas de Birmingham [...].

Comisión de investigación sobre a baixa do comercio británico (Birmingham, 1885)

- ¿Cales eran os principais competidores de Gran Bretaña a finais do século XIX?
- ¿Como lograron estes países igualarse a Gran Bretaña?
- ¿En que aspectos sentían os británicos esta competencia?

Ficha de recuperación 1ª avaliación. Bloque II.

B2. C3.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial. CMCT,CD,CSC,CEC

1. Describe as fases da transición demográfica que se produciu en Europa no século XIX e analiza as súas causas e as súas consecuencias.

2. Responde:

- ¿Que cambios ocorreron na estrutura familiar e na estrutura ocupacional da poboación? ¿Como influíu nestes cambios a industrialización? ¿Como influíu á súa vez a nova estrutura social sobre a aceleración do proceso industrializador?

3. Elabora un mapa sobre a emigración a América e responde:

- ¿Cales son as causas do desprazamento da poboación europea a América?
- ¿Cales foron os principais países emisores? ¿En que fases o foi cada un deles?
- ¿Que países recibiron a maior cantidade de poboación? ¿Por que?

4. Fai unha pirámide social da sociedade do século XIX e responde:

- ¿Que tipo de sociedade era a do século XIX? ¿Cales eran as principais semellanzas e diferencias coa do Antigo Réxime?
- ¿Cales eran os grupos privilexiados? ¿Que diferencias económicas e de estilo de vida percibes entre eles?
- ¿Quen eran os grupos dominados? ¿Cales eran os principais problemas ós que se enfrontaban?

B2.C5.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. CCL, CAA,CSC

5. Compara as diferentes doutrinas sociais do século XIX:


	IDEÓLOGOS	IDEAS	MEDIOS DE ACCIÓN
Socialismo utópico			
Marxismo			
Anarquismo			

Ficha de recuperación 1ª avaliación. Bloque II.

B2.C5.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro. CCL, CAA, CSC

ELABORA UN ESQUEMA

Completa este esquema sobre as orixes do movemento obreiro na primeira metade do século XIX:



COMPLETA O CADRO

A partir do que estudaches, elabora un cadro coas características máis importantes da Primeira Internacional e da Segunda Internacional:

Aspectos	I Internacional	II Internacional
Fundación e cronoloxía	...	...
Organización	...	...
Participantes e ideoloxías	...	...
Extensión	...	...
Obxectivos e reivindicacións	...	...
Feitos salientables	...	...

Ficha de recuperación 1ª avaliación. Bloque II.

B2. C6.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas. CCL, CAA, CSC

- Consulta a seguinte ligazón, despois le o texto e contesta ás cuestións:

https://www2.uned.es/iued/Tema_Intro/crisis_1873.htm

"O que aconteceu en París, en 1867, o que sucedera moitas veces en Londres e Nova York, non puido faltar en Berlín en 1873: a desmedida especulación acabou en afundimento xeral. As compañías crebaron por centenares, as accións das que se mantiñan foron invendibles, o desastre era total. Pero para poder especular, fora preciso crear os medios de produción e de comunicación, as fábricas, os ferrocarrís etc. cuxas accións alimentaran a especulación. Ao producirse o afundimento, puido apreciarse que se excede en moito a necesidade pública que servira de pretexto; que se creou en catro anos, máis ferrocarrís, fábricas, minas, etc., do que o desenvolvemento regular da industria producise nun cuarto de século. Despois dos ferrocarrís, a especulación lanzouse principalmente sobre a industria do ferro."

L' Egalité.1880

a) Despois de ler a información da ligazón e o texto, busca e resume a definición dos seguintes conceptos:

- Depresión económica.
- Crise de sobreprodución.
- Especulación.
- División internacional do traballo.
- Libre cambismo.
- Proteccionismo.
- Autarquía.
- Arancel.
- Cártel.
- Trust.

b) A que período pon fin a Depresión de 1873?

c) A Depresión de 1873 ten a súa orixe nunha dobre crise industrial e agraria. Que factores explican cada unha delas?

d) Que tipo de crise se describe no texto? Explica o mecanismo desta crise.

e) Cales foron as 3 vías principais de saída da crise?

f) Por que o capitalismo se ve periodicamente azoutado polas crises? De que tipo de crises se trata? En que se diferencian das crises típicas do Antigo Réxime? (consulta o pdf do 1º tema)

Ficha de recuperación 1ª avaliación. Bloque II.

B2. C6.3. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles. CCL, CAA, CSC

Despois de comparar os mapas seguintes e observar o esquema dos efectos do ferrocarril na economía, explica a difusión da rede ferroviaria en Europa e a súa relación co proceso de industrialización.

